

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 17/07/2023**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

[Lista de asistentes](#)

DONA TANIA GARCÍA SANMARTIN  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
DONA PAOLA MARÍA MOCHALES  
D. CARLOS COIRA LOJO  
DONA SONIA OUTÓN CASAL  
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO  
DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MARIA BERMUDEZ OUTON

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2023/2428**

Dáse conta do escrito presentado por D. Adrián Santorum Rey, en representación de SANTORUM CONGAL SL, solicitando autorización para organizar todos los xoves de verán concertos na Rúa Camilo José Cela, entre os número 7 e 9, dende o 13 de xullo ata o 1 de setembro, en horario de 21 a 23 horas, coa denominación de "Os Xoves nas Pistas". Así mesmo solicita a cesión dun escenario por parte do Concello, dun tamaño mínimo de 3 x 4 m.

Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para a celebración dos concertos, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

En relación co escenario, comunicaselle que se procederá á súa cesión sempre que exista disponibilidade do mesmo.

**PRP2023/2416**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Rodríguez Rey, solicitando autorización para a realización do evento denominado "KOMBUCHA & TEA EXPERIENCE", o día 22 de xullo de 2023,

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 17/07/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de todos os membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10 de xullo 2023, que se aprobou por unanimidade.

en horario de 10:00 a 13:00 horas no Parque Botánico Enrique Valdés Bermejo, zona de herba. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2023/2352**

Dáse conta de escrito presentado por D. Juan Mario Huygens Moreno, en representación de D. Enrique Cascallar Meixus, indicando que na Rúa Fariña Ferreño nº 6-baixo, propiedade de ROSAMA SL, aparcan vehículos invadindo a entrada do baixo, dificultando o acceso ao mesmo e solicita a colocación de un pivote verde delimitando a zona de entrada.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a colocación de dous fitos flexibles, situados no límite do estacionamento permitido, debendo colocalo por conta do solicitante e sendo o mesmo o responsable da súa adecuada instalación, mantemento e bo uso.

Deberá poñerse en contacto coa Policía Local aos efectos das correspondentes indicacións para a colocación dos fitos.

#### **PRP2023/2376**

Dáse conta de petición de CIFP FONTECARMOA de utilización as pistas deportivas do parque da Xunqueira o día 7 de xullo de 2023.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/2391**

Dáse conta de escrito presentado por D. José Antonio Martínez Fontes solicitando a instalación dun espello na Avda. de Cornazo nº 83, para facilitar a incorporación e circulación de vehículos dado que ten reducida considerablemente a visibilidade á hora de manobrar a saída

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espello situado na beirarrúa de enfrente e orientado para ver os vehículos que veñen circulando con sentido Pontearnelas a Vilagarcía efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, sempre e cando a saída non se realice marcha atrás, dado que nese caso o espello sería nulo e a manobra moi perigosa, se ben sería de uso exclusivo dos residentes no nº 83.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmoble deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local con anterioridade á instalación do mesmo para a fixación da súa ubicación co fin de que non sexa un

obstáculo para a circulación peonil nin de vehículos.

#### **PRP2023/2392**

Dáse conta de escrito presentado por D. Jesús Manuel Lago Martínez, no que indica que estacionan vehículos na vía pública que lle impiden a entrada e saída do acceso á súa vivenda e solicita se sinalice a prohibición de estacionar así como o pintado de liña amarela na Rúa Sobrán, á altura do nº 4.

Visto o informe de Policía Local no que se indica que realizada inspección comprobase que efectivamente, na parte inferior dos estacionamentos fronte á igrexa de Vilaxoán, á altura do nº 4 da Rúa Sobrán, adoita haber estacionados con frecuencia algúns vehículos pegados ás vivendas, e nas zonas de paso para a Travesía de Sobrán, e zona de saída de marcha atrás dos vehiculos estacionados na zona de batería, que poden molestar en momentos puntuais o paso ou a saída de vehículos do lugar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do citado informe, acorda que se proceda á colocación ao principio, logo da zona de escaleiras, dun sinal vertical de prohibido estacionar R308G, con frecha cara á esquerda e se pinte unha liña lonxitudinal continua en amarelo dende o sinal ata onde estreita o camiño, ao longo da zona de vivendas.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

#### **PRP2023/2470**

Dáse conta de escrito presentado por D. Marcos García López de queixa polas molestias que lle causan na súa vivenda con motivo da pista multideportiva da Urbanización San Roque de Carril, que linda coa mesma, e solicitando se solucione o problema.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se vai proceder a realizar unha inspección das instalacións, co fin de solventar as deficiencias denunciadas.

#### **PRP2023/2472**

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación Nacional da Defensa pola Constitución, solicitando colaboración para a elaboración dun estudio denominado "análisis de los medios humanos y materiales para la realización del escrutinio general según la legislación electoral española", solicitando a remisión das actas de escrutinio das mesas electorais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle á asociación que a documentación electoral vai directamente dos colexios electorales, á Xunta Electoral de Zona, polo que o Concello de Vilagarcía, non ten acceso ás actas de escrutinio, de ningún proceso electoral, debendo solicitar os datos indicados á Xunta Electoral de Zona ou ben ao Ministerio de interior.

#### **PRP2023/2474**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Judith Iglesias Barreiro, en representación da Asociación de Música Tradicional A Queimada, solicitando autorización para o uso do Centro Sociocultural de Bamio (Rúa A Capela s/n) como domicilio social e fiscal da citada Asociación, que se atopa en proceso de constitución.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle á Asociación de Música Tradicional A Queimada a autorización solicitada.

#### **PRP2023/2478**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Bombas Grundfos España SA, para reposición dunha bomba para o bombeo de Santamariña 1, por un importe total de 3.929,44 € (IVE incluído), con cargo á partida 160.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/2479**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Bombas Grundfos España SA, para reposición dunha bomba para o bombeo de Santamariña 2, por un importe total de 3.954,84 € (IVE incluído), con cargo á partida 160.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/2480**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Maderas J. Redondo SL, para ampliación dos vestiarios dos Departamentos de Electricidade, Parques e Xardíns e Medio Ambiente, por un importe total de 2.681,88 € (IVE incluído), con cargo ás partidas 160.2199 (893,96 €) , 171.22199 (893,96 €) e 1720.22199 (893,96 €).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/2482**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Kone Elevadores SA, para reparación do elevador da Casa de Cultura de Sobradelo, por un importe total de 2.677,11 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/2488**

Dáse conta da proposta de Secretaria Xeral:

En relación co expediente de concesión de construcción e xestión do estacionamento soterrado para vehículos na Praza Juan XXIII, se sinala o seguinte:

O recurso de casación interposto polo Concello contra a sentenza do TSXG foi inadmitido, polo que, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, remite o día 23 de xuño de 2023, copia da sentenza ditada nese Xulgado, así como copia da sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que confirma a primeira.

Con tal motivo, procede levar a efecto o acordado nas sentenzas citadas.

As sentenzas citadas estiman o recurso contencioso-administrativo seguido a instancia de Promociones Inmobiliarias del Pisuerga SA, condenando ao Concello á apertura dun expediente

administrativo, con audiencia da concesionaria, para a declaración da resolución do contrato de concesión do Parking e a súa liquidación, resolvendo expresa e finalmente, en prazo, sobre o seu importe e establecendo unha data efectiva de reversión do activo.

Polo exposto solicitouse a Baltar Abogados y Asesores Tributarios SLP, un orzamento sobre o asesoramento para a execución da Sentenza de data 23 de setembro de 2021, coa correspondente asistencia xurídica durante a tramitación dos procedementos administrativos de resolución do contrato e liquidación deste en vía administrativa ata a reversión do estacionamento soterrado.

O presupuesto remitido por BALTAR ABOGADOS Y ASESORES TRIBUTARIOS SLP, ascende a 9.000 € (máis IVE), de este importe se exclúen os traballos de natureza técnica correspondente a outros profesionais.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BALTAR ABOGADOS Y ASESORES TRIBUTARIOS SLP con CIF B27735539 por importe de 9.000,00€ (mais IVE), con cargo á partida 920-500, por tratarse dun bufete xurídico que conta cun equipo de profesionais altamente cualificados en dereito mercantil e en dereito administrativo, materias ambas de aplicación no presente asunto.

O importe citado se facturará do seguinte xeito:

- Tres mil (3.000) euros más IVA, coa emisión do informe preliminar que analice e determine de maneira específica e concreta as actuacións administrativas que se tramitarán polo Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución da Sentenza.
- Tres mil (3.000) euros más IVA, cando se resolva o procedemento de resolución do contrato.
- Tres mil (3.000) euros más IVA, cando se resolva o procedemento de liquidación do contrato.

#### **PRP2023/2499**

Dáse conta do escrito presentado por D. Anxo Lua Areas, en representación de Confederación Intersindical Galega (CIG) da Comarca do Salnés, comunicando novos períodos de folga das persoas traballadoras da Empresa URBASER, ampliando os comunicados anteriormente, sendo os horarios, os seguintes:

Os venres 21 e 28 de xullo e 4 de agosto, entre as 13:00 e 13:30 horas, de 14:00 a 14:30 horas e de 23:00 a 23:30 horas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/2620**

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no seu artigo 5 establece as competencias dos Concellos, sinalando no apartado f) do indicado artigo que é competencia municipal “autorizar as ampliación e reducións sobre o horario xeral, en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17”.

Visto o indicado no artigo 17 da lei ao respecto dos horarios:

“1. Mediante orde da persoa titular da consellaría competente na materia, e logo do informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

2. A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas poderá

establecer os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.”

En aplicación destes artigos pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo ditouse a Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche de establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, na que se sinalan os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Visto o artigo 7 da Orde do 23 de outubro de 2020 onde se prevé que con carácter xeral o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas a que se refire esta orde ampliarase:

- Media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Visto o artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020 que establece que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

Visto o artigo 13 no que se establece o réxime especial de horarios de peche de determinados establecementos abertos ao público, e así indica:

1. Os concellos que teñan obtido a declaración de zona de grande afluencia turística para os efectos de horarios comerciais, de acordo coa vixente normativa de comercio interior de Galicia, nos termos e cos límites temporais establecidos na correspondente declaración, poderán autorizar horarios especiais, que supoñan unha ampliación dos horarios xerais de peche, para os devanditos establecementos.

Nestes supostos, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Outorgar a ampliación de 2 horas sobre o horario de peche dos establecementos de restauración, ocio e entretenimento (restaurantes, cafeterías, bares, pubs, etc), que contan con licenza municipal, durante a celebración do ATLANTIC FEST 2023, os días 21 e 22 de xullo de 2023.

Esta ampliación de dúas horas se suma á media hora a que fai referencia o artigo 7 da orde de 23 de outubro de 2020, polo que, será en total dúas horas e medida, as noites que van do venres ao sábado e do sábado ao domingo (días 21 e 22 de xullo de 2023).

2) Indicar que, se a Policía Local informa sobre incumplimentos en materia de horarios, ruídos, etc. se suspenderá a ampliación de horario para o establecemento denunciado.

## **RECURSOS HUMANOS**

## **PRP2023/2431**

Dáse conta do Convenio de colaboración asinado co Concello de Cambados, documento número 13 do expediente ao abeiro da Lei de Coordinación de Polícias Locais de Galicia para que axentes do Corpo da PL de Cambados presten servizos de reforzo durante a Festa da Auga en Vilagarcía no ano 2022.

Dáse conta de informe da Xefatura da Policía Local relacionando as persoas e os servizos prestados a efectos da sua retribución económica, seguinte:

- D. Agustín Pontevedra Riveiro.
- D. Miguél Ángel Prego Dasilva.
- D. Gil Oubiña González.
- D. Jesús Chan Beloso.
- D. Francisco Javier Serantes González.

Segundo o informe da Xefatura da Policía Local as persoas arriba relacionadas prestaron servizos en calidade de comisión de servizos ao abeiro do Convenio asinado entre o Concello de Vilagarcía e o Concello de Cambados o día 16 de agosto 2022 nunha quenda completa de 7:00 a 15:00.

Segundo o sistema retributivo vixente no Concello de Vilagarcía de Arousa procede compensar ditos servizos extraordinarios en comisión de servizos prestados en día Festivo non recuperado cun importe individual de: 152,78€ por xornada.

A compensación económica individualizada é a seguinte:

- D. Agustín Pontevedra Riveiro. 152,78€
- D. Miguél Ángel Prego Dasilva. 152,78€
- D. Gil Oubiña González. 152,78€
- D. Jesús Chan Beloso. 152,78€
- D. Francisco Javier Serantes González. 152,78€

TOTAL 763,90€

Debe engadirse o custe da cotización empresarial seguinte (36,64%): 279,90€

Sendo por tanto o custe Total para o Concello de Vilagarcía de: 1.043,80€

As persoas arriba relacionadas son funcionarios do Concello de Cambados e non están de alta como empregados do Concello de Vilagarcía, e non é viable ni unha situación de pluriemprego retroactiva nin ningunha outra situación posible segundo a normativa da Seguridade Social, polo que a Xunta de Goberno Local acorda transferir o importe arriba indicado dende a Tesourería Municipal ao Concello de Cambados para que proceda a sua vez a liquidar na nómina que corresponda ditas comisión de servizos ao seu persoal.

- Con cargo á partida 132.152: 763,90 €
- Con cargo á partida 132.16000: 279,90 €

## **PRP2023/2489**

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información sobre execución orzamentaria de gastos de persoal para o ano 2023, actualizadas ao segundo trimestre (30 de xuño de 2023), de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, dando un total de 390 empregados e un total de gasto de 5.452.063,62 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## BENESTAR SOCIAL

### EMPREGO

#### PRP2023/2408

Na XGL de 27 de xuño de 2023 dase conta da Resolución dictada pola Xefa Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ó abeiro da Orde de 13 de marzo de 2023 (DOG 56 de 21/03/2023) , pola que se acorda conceder ó Concello de Vilagarcía unha subvención polo importe global de 17.000 € para a contratación de traballadores/as desempregados/as (Socorristas) durante 2 meses a tempo completo, para a realización do servizo denominado SALVAMENTO E SOCORRISMO 2023.

Na proposta achegada pola Concellería de Promoción Económica, Área de Emprego figuraba un erro nos custos de contratación dos traballadores suvencionados debido a que no prorratoe da paga extraordinaria non estaba contemplado o concepto de gratificación paga extraordinaria, sendo os custos correctos os seguintes:

#### GRUPO V(AP) SOCORRISTAS XORNADA COMPLETA

GR V(C2) N. comple.(CD) 8 Cod. Ind.(CE) 36 Ocup: d – 38,3%

Salario Base	Complem D	Incentivo	Rateo extra	paga	Indemn	Cese	Total	SS Empresa	Custo traball.	total/mes/1
637,14	223,90	272	244,64	41,33			1.419,01	508,36	1.871,61	

TOTAL MÁXIMO MENSUAL SUBVENCIONABLE 1.700€

CUSTOS SALARIAIS correspondentes aos traballadores subvencionados (5 traballadores xornada completa 2 meses)

SOCORRISTAS	SALARIO	SS	DURACIÓN	TOTAL
5	1.377,68	508,36	2 MESES	18.860,4€
TOTAL SUBVENCIÓN CONCEDIDA (máximo 1.700€ por mes/traball.)				17.000 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a corrección do erro.

#### PRP2023/2497

Vista a proposta do Director do Obradoiro de Emprego FORME 2022, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos para instalación tecnoloxica para dúas aulas do obradoiro de emprego e provisión de maquinaria pequena para o taller de carpintería, con cargo á partida 2412.62300:

- Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL, polo subministro de 2 proxectores BenQ MX536 DLP portátil 3D, por un importe total de 1.058,99 € (IVE incluído).
- Castromán SL, polo subministro de clavadora neumática SIMw25, por un importe total de 340,00 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

#### PRP2023/2433

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto e o recoñecemento de obriga, das seguintes facturas, con cargo á partida 3261.21199:

- Empresa OFICODE S.L. con CIF B32184350, nº de factura FP 16 de 30 de xuño de 2023 por importe de 623,15 €, por subministro de lona para o foxo do Auditorio con motivo da celebración do Festival Internacional de Música Clásica.

Empresa MADERAS J. REDONDO, S.L. con CIF B36158897, nº de factura V 20231370 de 30 de xuño de 2023 por importe de 1.209,40 €, polo subministro de diverso material: tableiro abedul, tableiro contrachapado, cantos naturais, canto pvc, chapilla natural, perfil doble, pes aceiro postes, pino vermello tratados para a modificación por persoal do Departamento de Obras da estrutura acústica doadas ao Concello de Vilagarcía de Arousa pola fundación Kammermusik umb Halb Acht, de Basilea”.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/2490**

Vista a proposta da Directora Accidental da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización de actividades de dinamización da lectura, no marco do programa "Ler Conta Moito", con cargo á partida 3321.22609, coa seguinte desagregación:

- Urdime S. Coop. Galega, actividade "A máquina do tempo" realizada por Teatro Chazafelhos, por un importe total de 500,00 €
- Dona Maria Isabel Gago Menéndez, actividade "Maletas viaxeiras", por un importe total de 500,00 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/2491**

Vista a proposta da Directora Acctal. da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Espacio do Lector SL (Librería Arousa) para o subministro de materiais bibliográficos con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, por importe de 4.145,36 €, con cargo á partida 3321.22001, para mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencias de lectura.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2023/2464**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por DISTRILEMA QUIMICOS SL para o subministro de 2.300 vasos E30 ECF traslúcido 1 tinta, para os eventos a celebrar na época estival (1.500 de 330 ml. e 800 de 500 ml), por un importe total de 1.280,18 € (IVE incluido), con cargo á partida 923.1324.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obligatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## MULLER E PERSOAS MAIORES

### PRP2023/2463

Na Xunta de Goberno de data 12 de xuño de 2023 (PRP 2023/2081) aprobouse o orzamento da XXVII Romaría das Persoas Maiores por un importe de 9.683,0998.-€ (ive engadido) para unha previsión inicial de 550 asistentes.

Unha vez finalizado o prazo de inscrición aprobado, e dado que quedaron poucas persoas en lista de espera, ampliouse o numero de persoas asistentes, polo que se incrementou o orzamento do catering subministrado por Víctor Manuel Senín Alba en 1.174,99.-€, pasando o orzamento de 13.750.-€ a 14.924,99.-€ (ive engadido).

Por outra banda, dado que a actuación musical contratada para a tarde prestaba tamén servicio de Dj, ampliouse o servizo prestado para amenizar a xornada dende a apertura de portas, as 12 da mañá, e ate a súa propia actuación, a partir das 16h, incrementándose, polo tanto, o orzamento da Asociación Cultural Coro “Virxen da Renda” en 100.-€ (ive exento).

Por todo isto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o incremento do orzamento inicial aprobado en 1.274,99.-€, con cargo á partida 2313.22610, coa seguinte desagregación:

- Victor Manuel Senín Alba, (76.929.826-R): 1.174,99 €
- Asoc. Cult. Coro “Virxen da Renda” (G-36324010) (IVE exento): 100,00 €

TOTAL INCREMENTO DO ORZAMENTO (IVE engadido) 1.274,99 €

## CULTURA

### PRP2023/2453

Vista a solicitude de Asociación de Veciños Breogán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dunha exposición de artesanía galega o día 24 de xullo de 2023 no Centro Cultural de O Piñeiriño:

- Actuación da Agrupación folclórica Froallo - Gaitas, por un importe de 391,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obligatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### PRP2023/2454

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os

seguientes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños de Vilaxoán, por un importe total de 1.798,92€, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
